

**Expte: 85/2024**

**Asunto: I FEIRA DE QUEIXO ARTESÁN DA REDE DE QUEIXERÍAS ARTESÁS  
E VI FEIRA QUEIXO MOECHE**

**Festas (Planificación, Organización ou Celebración)**

**RESOLUCIÓN\_modificación Resolución 2024-0040 ( Plazo de presentación de solicitudes)**

### **ANTECEDENTES**

1 A feira do queixo de Moeche é unha cita que pretende fomentar o consumo e a cultura do queixo, na que desexamos ofrecer aos asistentes un ambiente agradable e lúdico, no que poidan desfrutar da calidade e o saber facer dos produtores. A "**I Feira estatal de queixo artesán e VI Feira do queixo de Moeche**" terá lugar o día **terá lugar os días 16 e 17 de marzo de 2024** no recinto feiral do Concello de Moeche. O día 16 non se abrirá á venda de produto ao público; desenvolverase unha xornada de **formación para queixerías e sector lácteo, presentación de eventos e queixerías da Que Red participantes. O día 17 será a xornada de venda ao público.**

2. Debido á gran afluencia de postos, e para os efectos da súa ordenación no espazo habilitado para a súa celebración, é necesaria a aprobación dunha bases de participación.

3. Detectado un erro na Resolución núm. 2024-0040 de aprobación de bases en relación ao prazo de presentación de solicitudes.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

**1. Modificar** o prazo de presentación de solicitudes quedando aberto devandito prazo desde o día **19/02/2024 ata o día 27/02/2024.**

2. Redactar as bases co novo prazo de presentación de solicitudes, que se incorporarán como anexo nesta Resolución.

3. Destas bases darase publicidade para o coñecemento xeral na páxina web [www.moeche.gal](http://www.moeche.gal) e no taboleiro de anuncios da Sede electrónica.

Moeche, (na data da sinatura dixital)

A alcaldesa

Beatriz Bascoy Maceiras



## Anexo

### Bases de participación na "I Feira estatal de queixerías artesás (QueRed) e VI Feira do queixo de Moeche"

1. A feira do queixo de Moeche é unha cita que pretende fomentar o consumo e a cultura do queixo, na que desexamos ofrecer aos asistentes un ambiente agradable e lúdico, no que poidan desfrutar da calidade e o saber facer dos produtores. A **"I Feira estatal de queixerías artesás (QueRed) e VI Feira do queixo de Moeche"** terá lugar os días **16 e 17 de marzo de 2024** no recinto feiral do Concello de Moeche. O día 16 non se abrirá á venda de produto ao público; desenvolverase unha xornada de formación para queixerías e sector lácteo, presentación de eventos e queixerías da Que Red participantes. O día 17 será a xornada de venda ao público.

2. As persoas interesadas en participar deberán solicitar a súa inscrición a través da sede electrónica do Concello de Moeche <https://moeche.sedelectronica.gal/info.0> . O **prazo de inscrición vai desde o día 19/02/2024 ata o día 27/02/2024**. Confirmaráselles a súa participación a través do enderezo electrónico que indiquen na solicitude. As solicitudes serán atendidas por orde de chegada, tendo preferencia as queixerías que participasen noutras edicións e dentro destas as que o fixesen de forma contínua. Se é a primeira vez que asiste, deberase achegar coa solicitude unha copia do rexistro sanitario dos seus produtos.

3. Establécense as seguintes cotas de inscrición na **"I Feira estatal de queixerías artesás (QueRed) e VI Feira do queixo de Moeche"**:

Segundo o posto	Cota
Queixerías (nave principal)	30 €
Resto postos alimentación (mel, pan,etc) (carpa exterior)	20 €

Quedan **excluídas do pagamento da cota** de inscrición aquelas queixerías convidadas pertencentes á Rede Española de Queserías de Campo y Artesanas "QueRed").

A cota inclúe o dereito a participar, a mesa e mostrador para exposición, e de ser necesario electricidade (deberase indicar na solicitude).

A cota deberase pagar na Casa do Concello ou na conta bancaria **ES65 2080 0210 1731 1000 0016**, dentro do prazo de inscrición, e nunca antes de confirmarlle a participación. No pagamento deberase facer consta nome e apelidos da persoa participante e nome da queixería ou entidade

4. As entidades colaboradoras estarán exentas do pagamento da cota de participación

5. Os e as participantes na **"I Feira estatal de queixerías artesás (QueRed) e VI Feira do queixo de Moeche"** comprométense a asistir o día 17 de marzo de 2024, a teren o seu posto aberto en horario de atención ao público de 10:00 a 18:30 horas e comprométense a coidar a presentación do seu posto e do seu produto durante toda a xornada

6. O recinto estará aberto para montaxe dos postos desde as 08:30 h.



## Solicitud de participación na "I Feira estatal de queixerías artesás (QueRed) e VI Feira do queixo de Moeche"

**16 e 17 de marzo de 2024**

**( Prazo de inscrición: do 19/02/2024 ao 27/02/2024)**

Pola presente solicito ser admitido/a como participante na "**I Feira estatal de queixerías artesás (QueRed) e VI Feira do queixo de Moeche**", e comprométo-me a asistir o día **17 de marzo** e ter o meu posto aberto en horario de atención ao público de **10:00 a 18.30 h.**

Don/a:

En representación da empresa:

DNI ou CIF:

Enderezo:

Teléfono de contacto :

Preciso electricidade: (si/non)

**Estou interesado/a en presentar un dos meus queixos na cata:** (*pór aquí a descrición do queixo e o nome do mesmo*)

**IMPORTANTE:** a **Feira do queixo de Moeche** é unha cita que pretende fomentar o consumo e a cultura do queixo, na que desexamos ofrecer aos asistentes un ambiente agradable e lúdico, no que poidan desfrutar da calidade e o saber facer dos produtores. Por este motivo pregamos aos participantes que coiden a presentación do seu posto e do seu produto. Salvo que se notifique con antelación o contrario por parte do interesado, cada participante terá a súa disposición unha mesa para a colocación dos produtos. O recinto estará aberto para a **MONTAXE DE POSTOS** a partir **das 8.30 h.**

A inscrición deberase facer por sede electrónica, <https://moeche.sedelectronica.gal/info.0>

Unha vez confirmada a inscrición por parte do Concello de Moeche, debe facer efectivo o pagamento da cota correspondente á participación na conta bancaria:

**(Abanca) ES65 2080 0210 1731 1000 0016**

Segundo o posto	Cota
Queixerías ( nave principal)	30 €
Resto postos alimentación (mel, pan,etc) ( carpa exterior)	20 €

**\* Nota:** as queixerías convidadas da Red Española de Queserías de Campo y Artesanas ( QueRed) están excluídas do pagamento ao igual que as entidades colaboradoras con ubicación determinada

Moitas grazas pola túa colaboración

**Información:** correo@moeche.gal

